

BUTACAZERO PRESENTA

PAPAGENA

UNHA ÓPERA CONTEMPORÁNEA DE IAGO HERMO

DIRECCIÓN **XAVIER CASTIÑEIRA • ESTHER F. CARRODEGUAS**

SOPRANO **ESPERANZA MARA** BARÍTONO **JACOBO RUBIANES CASTELO**

VESTIARIO E CARACTERIZACIÓN **DIEGO VALEIRAS** ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN **ANA ARTEAGA**

UNHA PRODUCCIÓN:



SUBVENCIONADA POR:



CO APOIO DE:



PAPAGENA

UNHA ÓPERA CONTEMPORÁNEA DE IAGO HERMO

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

MÚSICA, LIBRETO E DIRECCIÓN MUSICAL | Iago Hermo

SOPRANO | Esperanza Mara (Papagena)

BARÍTONO | Jacobo Rubianes Castelo (Papageno)

DIRECCIÓN ARTÍSTICA | Castiñeira & Carrodegas

DESEÑO E CONFECCIÓN VESTIARIO | Diego Valeiras

ESCENOGRAFÍA E LUZ | Ana Arteaga

ASISTENCIA TÉCNICA | RTA

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN | Esther F. Carrodegas

IMAXE, COMUNICACIÓN E PRENSA | The Office Comunicación

FOTOGRAFÍA E VÍDEO | Miramemira

UNHA PRODUCCIÓN DE | ButacaZero

SUBVENCIONADA POR | Axencia Galega de Industrias Culturais da Xunta de Galicia (Agadic)

CO APOIO DO | Concello de Rianxo (residencia creativa)

XÉNERO | ópera

DURACIÓN | 55 min

IDIOMA | galego

PÚBLICO | adulto e adolescente



Papagena é unha ópera electrónica nacida a partir da figura da personaxe homónima da *Fruta máxica* de Wolfgang Amadeus Mozart. Unha produción para analizar e re-escibir esta personaxe dende unha mirada actual e en base a dun dos maiores procesos de avance político-social dos últimos tempos: a loita contra o sexismo.

Unha soprano (Esperanza Mara), un barítono (Jacob Rubianes Castelo) e un músico en escena (o propio compositor da ópera, Iago Hermo) serán os piares desta peza deseñada para chegar tanto aos grandes teatros como a aqueles espazos e vilas onde a ópera, quizais, nunca chegou.

E por suposto: en galego.

SINOPSE

Papagena chega cunha chisca de retraso á casa porque se cruzou cunha amiga. Papageno está enfurecido pola tardanza e, nun desmesurado ataque de celos, requisalle o teléfono e pouco despois péchaa na habitación. Pode que sexa a primeira vez que os seus celos o levan tan lonxe, pero é tamén certo que o comportamento de Papageno dista moito de ser exemplar nos últimos tempos, como pronto iremos sabendo.

Tanto é así que, a pesar da disputa de parella, Papageno decide saír cos seus colegas: eles si que o entenden; con eles poderá sentirse ben e esquecerse dos malos momentos que lle está a brindar a súa moza. E namentres deciden a onde ir, imos coñecendo, á vez que Papagena, a un Papageno que dista moito de ser a parella ideal, presumindo de ligues e liortas.

Papagena non pode máis: e decide loitar pola súa liberación. Comeza por tentar saír ao baño para poder coller o seu móbil, pero Papageno decátase das súas intencións e volve pechala na habitación. E con estas accións, a furia de Papageno medra e medra ata que por fin sae pola porta e Papagena fica soa.

É cando Papagena sae por fin da habitación. Mais con todo segue pechada no piso da parella.

Un piso que é unha gaiola. Un piso que un día pareceu un lugar seguro e brillante pero agora non é máis que un cárcere. Non: xa non quere seguir neste cárcere. Xa non quere compartir a vida con Papageno. E comeza a berrar para ver se alguén a escoita e a pode axudar.

Para cando chegue de volta Papageno, borracho e con gana de foder, isto último xa non será posible. É o momento de liberarse das cadeas e de deixarlle claro a Papageno que ese cárcere no que viven, encérraos aos dous. Deste modo, Papagena, ao saír do cárcere, non só se libera a ela mesma, senón a ambos.



A MÚSICA

A arela de levar ópera a calquera punto da xeografía galega é determinante na proposta musical de *Papagena* que fai uso da electrónica como única instrumentación. Iago Hermo leva anos investigando nestas sonoridades co fin de acadar unha musicalidade complexa de alta calidade que non esixa grandes elencos orquestrais.

Afondando na liña dos seus últimos traballos (a súa música para piano e electrónica ou a súa ópera multimedia *Cidade sen luz*), Hermo segue a desenvolver en *Papagena* sonoridades que afondan no espectralismo, o microtonalismo e a espacialización do son. Cuestións complexas de realización con instrumentos acústicos pero doadas de obter mediante o uso das novas tecnoloxías. Como característica particular da peza, cómpre sinalar que como fondo xeral aparece un elemento simbólico de gran peso: declaracións de mulleres que sufriron violencia de xénero, distorsionadas e agochadas dentro da música.

En *Papagena* a audiencia ten a oportunidade de escoitar así unha música dinámica e diversa. Seccións rítmicas, case minimalistas, alternadas con seccións nas que o son semella envolver ao público asistente. Todo isto conectado á acción no escenario e ás voces dos dous cantantes.



XIRA INVERNO 2022

Venres 2 e sábado 3 de setembro | 21.00 h

Auditorio Municipal de Rianxo

PRE-ESTREA

Sábado 10 de setembro | 21.30 h

Ruínas de San Domingos | Pontevedra

ESTREA ABSOLUTA

Sábado 17 de setembro | 20.00 h

Praza Constitución | Fisterra

Sábado 24 de setembro | 21.00 h

Auditorio do Grove | O Grove

Domingo 9 de outubro | 19.00 h

Auditorio Municipal | Caldas de Reis

Sábado 15 de outubro | 19.00 h

Sociedade Cultural e Recreativa 'A Pombiña' | Narón

Venres 21 de outubro | 21.30 h

Teatro Municipal | Tui

Sábado 29 de outubro | 20.30 h

Auditorio Gabriel García Márquez | Oleiros

Sábado 5 de novembro | 21.00 h

Auditorio Lois Tobío | Gondomar

Domingo 6 de novembro | 18.30 h

Auditorio Municipal Ilduara Celanova (AMIC) | Celanova

Sábado 12 de novembro | 21.00 h

Auditorio Municipal Muros | Muros

Venres 18 de novembro | 21.00 h

Casa da Cultura 'Ramón Martínez López' | Boiro

Sábado 19 de novembro | 20.00 h

Centro Social do Mar | Bueu

Venres 25 de novembro | 20.30 h

Casa da Cultura | Foz



AR TIS TAS



IAGO HERMO

AUTOR DA ÓPERA E DIRECTOR MUSICAL

Iago Hermo é un compositor, pianista e director. Tras rematar os estudos de piano na Coruña, foi becado pola Fundación SGAE para a realización dun máster en composición musical no Conservatorium Maastricht.

Coa estrea en Maastricht da súa primeira ópera multimedia, *Cidade sen luz*, no ano 2019, comezou a súa procura dun formato de ópera adaptado aos tempos actuais mediante o uso da música electrónica e técnicas compositivas modernas, buscando desenvolver este xénero a través da innovación e da súa adaptación á realidade sociocultural e demográfica de Galicia.

Máis información en:
iagohermo.com



Foto: Serxo González

ESPERANZA MARA

SOPRANO

Natural da Vila de Noia (A Coruña), iníciase na música tradicional da man de dúas das compoñentes de Leilía. Con oito anos comeza estudos de música clásica. Con quince, ingresa no Orfeón Terra A Nosa. Pertenceu tamén á Compañía Lírica de Galicia, ao Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia e ao Coro da Orquestra Sinfónica de Extremadura. Finalizou o Grado Profesional de Canto é Licenciada en interpretación na variante de canto polo Conservatorio Superior de Vigo.

Como soprano quedou finalista nos concursos de Canto do Círculo Bach en Madrid e do Festival de Música Antiga de Gijón. Acadou a Mención Honrosa dos Premios David Rusell. Ten actuado nas mellores salas de concertos da nosa comunidade e países veciños, así como participado e en diversos festivais de prestixio internacional.



Foto: Serxo González

JACOBO RUBIANES

BARÍTONO

Jacobo Rubianes nace en Cambados (Pontevedra). Estuda piano e o grao profesional de canto en Vigo á vez que realiza os estudos de Grao Superior de Musicoloxía na mesma cidade. Continúa e remata os estudos superiores de canto en Madrid da man de Federico Gallar, Susana Cordón e Alicia Nafé.

En Vigo canta Goro na zarzuela *Los claveles*; participa no pastiche ideado e dirixido por Jose Antonio Campo en torno a Bach chamado *A alegría móvese*; canta Eneas na ópera *Dido and Eneas*; tamén é chamado para cantar o barítono solista da *Fantasia coral* de Beethoven coa orquestra 430 no trinta aniversario da formación. Canta o rol de Ernesto da ópera *Il mondo della Luna* no Teatro Real, ou no *Barbiere di Siviglia* en Santiago de Compostela mentres traballa tamén na orquestra e coro RTVE con quen canta partichinos e na formación coral. No seu repertorio figura tamén oratorio como o barítono solista do *Carmina Burana* contratado pola Fura dels Baus.



XAVIER CASTIÑEIRA

DIRECTOR

Licenciado en Dirección de Escena pola RESAD. Máster Universitario en Teatro e Artes Escénicas da Universidade de Vigo e case licenciado en Filoxía Hispánica na USC.

Axudante de dirección de Manuel Lourenzo dende 1998 a 2001 e director da aula Universitaria da Coruña no ano 2000. Colaborador en numerosos proxectos de La Cuarta Pared durante a súa estadía en Madrid, dende os seus inicios compaxina a súa labor creativa coa docente, impartindo aulas en grupos amateurs, obradoiros de interpretación (de dirección e de investigación escénica) e por suposto aulas regulares. Fundador da plataforma ButacaZero (da cal dirixe case o 100 % dos proxectos escénicos) dende o 2011 é docente na ESAD de Galicia (Especialidade Dirección).



ESTHER F. CARRODEGUAS

DIRECTORA + PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN

Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia, Licenciada en Xornalismo entre Compostela e Torino e Técnico Superior en Imaxe (EIS A Coruña), esta rianxeira de pura raza cabalga sobre os límites que separan os xéneros, sendo moitos dos seus textos difíciles de clasificar.

Tras 10 anos traballando no sector audiovisual, decide cambiar o seu rumbo vital de cara ao teatro estudando interpretación en Espazo Aberto e na Escola Internacional da Comicidade. Nese momento entra na ESAD de Galicia, á vez que arrinca o seu periplo profesional no mundo do teatro. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados tanto en ButacaZero como noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) e públicas (CDG e Teatro Español e para 2022, o CDN).

BUTACAZERO

ButacaZero é a plataforma creativa de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga directamente co mundo actual.

ButacaZero deuse a coñecer no ano 2016 na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia con *Voaxa e Carmín*, peza que inicia unha triloxía sobre a memoria, neste caso histórica, ao levar a escena ás coñecidas Mariás de Santiago de Compostela. No 2017 estrean *Na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]*, un solo no que se aborda a memoria dende o esquecemento individual, investigando sobre as demencias. No 2018 estrean *#camiños*, unha coprodución co CDG que pecha esta triloxía reflexionando sobre a memoria dun pobo: o noso.

No 2019 arrancan unha nova senda da compañía estreando *Despois das ondas*, de Ernesto Is. Deciden apoiar a dramaturxia contemporánea galega e investigar no mundo do teatro cinematográfico nesta peza sobre a vida de María Casares. Este mesmo espírito de investigación de novas linguaxes e de apoio a creadores contemporáneos será quen dea vida a *Papagena* no 2022, despois de estrear no pasado ano *232m*, unha reflexión sobre o confinamento con xira tan pechada como o propio confinamento provocado pola Covid-19.



PAPAGENA

ButacaZero

butacazero.net

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Bea Pérez

604 070 409

bea@theofficeco.es

Luisa Castiñeira

630 223 255

luisa@theofficeco.es

Lucía Pita

675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

PRESS KIT

<https://cutt.ly/Papagena>



UNHA PRODUCCIÓN:



BUTACAZERO.NET

SUBVENCIONADA POR:



XUNTA DE GALICIA



Xecobeo 2122

CO APOIO DE:



Rianxo